



CELEBRACIÓN EN OS COTOS (na igrexa)


27-28 de decembro do 2025

DÍA DA SAGRADA FAMILIA



Os COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,
COS POBOS QUE SOFREN INXUSTIZA E ABANDONO,
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,
COA NATUREZA MALTRATADA,

E SEMPRE SEMENTANDO PAZ



1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

CANTO 🎵 *nº 1* **Imos compañeiros imos (estrofa 2)**

Celebrante:

Benvidos sexamos todos a esta celebración. Reunímonos para compartir en comunidade a nosa fe no nome do Pai e do Fillo e do Espírito Santo.

Despois do nacemento de Xesús a liturxia pon diante de nós a festa da Sagrada Familia, a formada por María, Xosé e o Neno Deus compartindo aquel fogar de nazaret.

Xesús nace e medra nunha familia coma calquera outra na que é preciso vivir unhas relacións asentadas no amor e o respecto mutuo, froito da igualdade e a colaboración.

A comprensión, a dozura, a confianza, a comunicación o trato digno, ... son actitudes que axudan a que vaia medrando cada día esa comunidade de vida e amor. Pero na familia tamén aprendemos o esforzo, o sacrificio, a renuncia, a humildade, o perdón...

Coma crentes e con todos estes valores estamos hoxe chamados a facer familia nas nosas casas, na parroquia, en Os Cotos.

Teñamos moi presentes hoxe na celebración ás nosas familias e ás que as que non están tendo un Bo Nadal.

PROCLAMACIÓN DO GLORIA

TODOS: *GLORIA AO SEÑOR NAS ALTURAS*
E NA TERRA PAZ

OU CANTO 🎵 n° 2 *Gloria ao Señor nas alturas*

Cantémoslle cos anxos, cos pastores,
cantemos con María e con Xosé,
a gloria e a paz que nace en Belén.

TODOS: *GLORIA AO SEÑOR NAS ALTURAS*
E NA TERRA PAZ

Cantémoslle cos pobres e cos pequenos,
a quen Deus lles procura tanto ben,
a gloria e a paz que nace en Belén.

TODOS: *GLORIA AO SEÑOR NAS ALTURAS*
E NA TERRA PAZ

Cantémoslle ao Deus que nos visita,
que mostra na humildade o seu poder,
a gloria e a paz que nace en Belén.

TODOS: *GLORIA AO SEÑOR NAS ALTURAS*
E NA TERRA PAZ

ORACIÓN PROPIA DO DÍA

Celebrante: *Rematamos a primeira parte da celebración presentando no silencio o que rebule no noso interior, e agradecemos a familia na que compartimos e medramos.*

(silenzio)

Celebrante:

Deus, noso Pai, Ti quixeches darnos a Sagrada Familia coma exemplo.

Concédenos a graza de practicarmos coma ela as virtudes familiares estando unidos polos vínculos do teu amor. E cando remate o noso camiñar por esta terra xúntanos a todos na alegría eterna do teu fogar.

Pedímoscho polo mesmo Xesucristo, que viviu en familia e reina por sempre eternamente. Amén.

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s) a palabra de Deus proclámase dende o ambón

Celebrante: *Moitas veces temos escoitado falar da familia, moitos son os modelos que a sociedade nos presenta. E somos moi dados a xulgar, cando quizais o mellor sexa valorar o que a familia nos aporta.*

Hai moitos valores que aprendemos na familia. A palabra de hoxe achéganos a algúns. Escoitemos.

No Leccionario I – A páxina Col 3, 12-21 LECTURA

LECTURA DA CARTA AOS COLOSENSES

Irmáns e irmás:

Coma elixidos de Deus, santos e benqueridos, revestídevos de sentimentos de misericordia, de bondade, de humildade, de sinxeleza, de tolerancia.

Aturádevos uns aos outros e perdoádevos, cando un teña queixa doutro; coma o Señor vos perdoou, perdoádevos tamén vós. E, por riba de todo isto, cinguídevos co amor, que é o lazo que todo o une e leva a perfección. Que a paz de Cristo governe os vosos corazóns, xa que a ela vos chamaron coma membros dun mesmo corpo. Sede tamén agradecidos.

Que a palabra de Cristo habite en vós con toda a súa riqueza. Ensinádevos e alentádevos uns a outros o mellor que saibades. Co corazón cheo de agradecemento cantádelle a Deus salmos, himnos e cántigas inspiradas. E todo canto fagades, de palabra ou de obra, facédeo para honra de Xesús, o Señor, dándolle grazas a Deus Pai por medio del.

Palabra do Señor

🎵 *nº 7 Con un sombreiro (estrofas 1 e 2) SALMO*

(*en pé*) *Leccio I A páx* Mt 2, 13-15.19-23 EVANXEO

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO LUCAS

Daquela, un ano do Señor apareceulle a Xosé en soños e díxolle:

- Érguete, colle o neno e maila nai e fuxe para Exipto. Non te movas de alí ata que eu te avise, porque Herodes vai buscar o neno para acabar con el.

Xosé ergueuse, colleu o neno e maila nai, pola noite, e alá se foi para Exipto. Alí permaneceu ata a morte de Herodes, cumpríndose así o que dixeran os profetas por medio do profeta:

- Chamei o meu fillo para que saíse de Exipto.

En morrendo Herodes, o ano do Señor aparecéuselle en soños a Xosé en Exipto e díxolle:

- Érguete, colle o neno e maila nai e volve para a terra de Israel, que xa morreron os que querían acabar co neno.

Ergueuse Xosé, e collendo o neno e maila nai, foise para a terra de Israel. Pero, ao saber que Arquelao reinaba en Xudea, en lugar de seu pai, sentiu medo e non se atreveu a ir alá. Avisado en soños, marchou para a banda de Galilea, indo vivir a unha vila chamada Nazaret. Cumpriuse así o que dixeran os profetas: que se chamaría nazareno.

Palabra do Señor

(**sentad@s**) gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón





O Nadal da Sagrada Familia



(en pé) **PROFESIÓN DA FE**
Celebrante: Celebrando hoxe que a Sagrada Familia é exemplo para nós como comunidade, agora queremos comprometernos no camiño da vida para sermos nós exemplo para os demais no vindeiro 2026. Xuntos proclamamos a fe que compartimos:

♪ **SI CREEMOS**

Monitor/a

Cremos en Deus Pai,
 que acompaña os nosos camiños da vida
 naquel cortello de Belén, nos escombros de Palestina
 e en tantas e tantas vidas rotas sen paz?

Si creemos

Cremos en Xesús,
 que se achega a todos nós
 e nace pobre e no medio dos pobres?

Si creemos

Cremos no Espírito de Deus
 que nos alenta a compartir coa ilusión do Nadal?

Si creemos

Cremos na igrexa,
 comunidade que quere medrar acollendo a Xesús
 que se fai vida en cada fogar da terra?

Si creemos

ORACIÓN UNIVERSAL

Celebrante: *Imos agora rezar porque queremos ser unha familia ilusionada e agradecida polo nacemento de Xesús. Con todo o compartido como familia dicímoslle hoxe a Deus Pai:*

GRAZAS POLO TEU FILLO, SEÑOR

Monitor/a:

- ✓ Agradecemos as familias cristiáns que saben descubrir na familia de Xesús, un exemplo para todos. Por iso dicimos
- ✓ Agradecemos que todos poidan atopar en nós un exemplo de familia que axude a descubrir en Deus a un pai, en María a unha nai e en Xesús a un irmán. Por iso dicimos
- ✓ Hoxe que celebramos a fe honrando á Sagrada Familia de Xesús, agradecemos o bo facer das familias desta comunidade de Os Cotos mirando polas persoas que por unhas ou outras razóns non están tendo un BO NADAL. Por iso dicimos
- ✓ Agradecemos hoxe tamén a todas as familias que andan á procura de refuxio e de paz. Por iso dicimos

Celebrante: *Grazas Pai porque agora coa nosa oración comprometémonos a facer o evanxeo coma a familia de irmáns na que nos nace Cristo, noso Señor. Amén*

3.- OS SIGNOS DA COMUNIÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

NOSO PAI

Celebrante: *Deus faise en nós, faise Nadal, faise en familia. Atopámolo en quen é capaz de amosar a tenrura de ser nai ou pai, atopámolo en quen é capaz de dalo todo pola familia, atopámolo en quen é capaz de mirar nos demais a irmáns. Sentíndonos familia de Deus, e con Xesús pousado nas nosas mans rezámoslle:*

NOSO PAI ...



SIGNO DA PAZ

Celebrante: *As nosas mans tendidas uns para os outros falan da nosa vontade de vivir coma unha familia de irmáns. Sabendo que a facemos con xestos e pasos pequenos, desexémonos agora o mellor uns aos outros, e que o Deus da paz nos alente a ser luz de Nadal. Deámonos coma irmáns a paz.*

🎵 **Que medre a paz na nosa terra**

COMUÑÓN

Celebrante: *Como familia estamos arredor desta mesa de parroquia porque Xesús comparte con nós, e convidanos a que nós fagamos o mesmo. Este encontro é anticipo da familia que comparte á mesa á beira do Pai. Ditosos nós convidados agora a participar como comunidade nesta Festa do Nadal do Señor.*

Señor, eu non son merecente de que entres no meu fogar, mais unha palabra túa abonda para me salvar

CANTO 4 🎵 *Durme meniño*

4.- AVISOS E DESPEDIDA

ORACIÓN FINAL

Celebrante: Pai misericordioso, Ti confortáchesnos co pan da vida do teu Fillo. Fai que, seguindo o exemplo da Sagrada Familia, poidamos participar con eles na gloria do ceo despois dos traballos desta vida. Pedímoscho por Xesucristo, o teu fillo benquerido, que vive e reina con nós por sempre eternamente. Amén

Acollemos a Xesús coma o Salvador nacido no medio de nós. Agora dende o sitio onde estamos ou achegándonos ao Belén (se somos poucos)(sen bicar o neno)

CANTO nº 1 *Imos compañeiros imos (estrofas 1 e 4) (ou calquera outra panxoliña)*

Co Nadal do seu Fillo, Deus pousase nas nosas mans para enchernos de amor e de paz. Amén

Co Nadal compartido como familia facémonos comunidade crible que quere ser mensaxeira do evanxeo. Amén

E co Nadal, Deus Pai uniu a terra co ceo facéndonos merecentes aquí do seu amor, e no ceo da súa vida sen fin. Amén

Avísase das misas (ver folla do mes)

*Que teñamos un BO NADAL,
e o Señor, por intercesión da Sagrada Familia,
nos bendiga,† nos garde de todo mal
e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén*

MOI BO FIN DE ANO
E QUE O VINDEIRO 2026 SEXA FARTURENTO
E LEMBRARDE O CONCERTO DE PANXOLIÑAS
DO VINDEIRO DOMINGO DÍA 4



*“Xesús voltou con María e Xosé
e vivía baixo a súa autoridade
no fogar de Nazaret”*

Palabras do evanxeo de hoxe.

Podémonos ir en paz. Dámoslle grazas a Deus